

**CONFLITIVIDADE E
MEDIOS DE SOLUCIÓN
DE CONFLITOS DE
TRABALLO**

10

Demetrio Fernández López

Director Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade
Social en Galicia

Índice

Capítulo 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO	5
10.1. Folgas.....	5
10.2. Conciliacións colectivas e individuais.....	11
10.3. Xulgados do Social.....	13
10.4. Xestión do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).....	15

Capítulo 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

10.1. Folgas

Como se reflicte ao longo deste capítulo, tamén as folgas e a conflitividade víronse afectadas notablemente durante a pandemia, sendo indiferente o indicador que se analice.

As principais normas legais que seguen a estar vixentes respecto da materia obxecto deste capítulo, seguen a ser: O RD-lei 17/1977, do 4 de marzo, coas correccións feitas pola sentenza do Tribunal Constitucional do 8 de abril de 1981, a Lei 9/1987, do 12 de xuño, e o Estatuto dos traballadores na redacción dada polo RD lexislativo 2/2015, do 23 de outubro. Por riba de todas elas, o artigo 28 da Constitución Española.

Para chegar aos datos referentes ás folgas, téñense en conta as estatísticas ofrecidas polos distintos organismos oficiais, Ministerio de Trabajo e Economía Social e Consellería de Emprego e Igualdade, así como polos axentes sociais, sobre todo no aspecto de participantes e xornadas non traballadas que, en moitos casos, son froito de estimacións con distintos criterios.

As fontes de información empregadas para encher de contido os cadros son os cuestionarios estatísticos que cumprimentan, para cada unha das folgas ou peches patronais, as unidades administrativas competentes das comunidades autónomas e a Dirección Xeral de Trabajo do Ministerio de Trabajo e Economía Social, dependendo do ámbito territorial de convocatoria do conflito. Este conxunto de información é remitido mensualmente á Subdirección Xeral de Estatística do Departamento, para a elaboración da correspondente estatística.

Ademais, posto que non existe obrigación formal, por parte das empresas, de comunicar á autoridade laboral o número de persoas traballadoras participantes nas folgas, as autoridades laborais provinciais conseguen esa información a través dalgunhas das seguintes fontes: consulta directa ás empresas, consulta ás organizacións patronais e sindicais, ou ben, facendo seguimento das folgas mediante enquisas.

A información ofrecida neste apartado refírese a todas as folgas das que se tivo coñecemento, exista ou non constancia administrativa previa da súa convocatoria, excepto os seguintes tipos de folgas:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As de duración inferior a unha hora.

- As que se refiren a actividades convencionalmente non produtivas: folgas de estudantes, de consumidores etc.
- As que afectan a colectivos sen dereito a folga: persoal militar e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A unidade folga, obxecto da estatística, asóciase á unidade de convocatoria, independentemente do seu ámbito territorial, sectorial e temporal, así como do seu carácter continuo ou descontinuo.

Nas folgas desenvolvidas no ano inclúense todas as que tivesen incidencia nel, podendo comezar nese ano ou en períodos anteriores.

Enténdese por centros de traballo e persoal "convocados", aqueles centros e os seus respectivos cadros de persoal que pertencen ao ámbito de convocatoria da folga, podendo participar ou non nela.

Por traballadores participantes enténdese o número de persoas que efectivamente participaron na folga suspendendo o seu traballo, xa sexa durante todo o tempo de duración do conflito ou nunha parte deste.

O número de xornadas non traballadas obtense, nos conflitos de días completos e con participación constante, multiplicando o número de participantes polo número de días laborables de duración do conflito; nos conflitos nos que a participación non é constante e/ou a interrupción do traballo non afecta á xornada completa (entendendo por xornada completa a xornada laboral habitual que realiza unha persoa traballadora sen incluír, en ningún caso, as horas extraordinarias), o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número de participantes cada un dos días de duración da folga pola parte de xornada non traballada cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Os datos anuais e acumulados preséntanse regularizados, é dicir, contabilízase unha soa vez o número de folgas, cadros de persoal das empresas e persoas traballadoras afectadas, coa fin de eliminar aquelas folgas que, iniciadas nun mes dado, continúan en meses sucesivos. Polo contrario, as xornadas non traballadas en cada mes, si se suman no caso anteriormente mencionado.

Considéranse folgas de ámbito provincial as que afectan só a unha provincia. Á hora de contabilizar as folgas provinciais, aténdese ao concepto folga provincial. Trátase dun concepto estatístico que ten por obxecto medir a incidencia ou a repercusión que a folga tivo en cada provincia, só dentro do seu respectivo ámbito territorial.

Nas folgas de ámbito autonómico, cada convocatoria de folga considérase un só conflito, independentemente do número de provincias ás que afecte.

Unha primeira panorámica xeral das folgas consideradas neste momento dende 2009 a 2020 a nivel estatal (cadro 10.1) permite observar que, aínda que existiu unha evolución crecente do número de folgas nos anos 2012 e 2013, diminúen en 2014 e continúa esta tendencia en 2015, apreciándose esta minoración significativa, tanto en número de folgas coma en participantes e xornadas non traballadas. No ano 2019 incrementábase o número de folgas ata 898, pero resulta significativo que, en canto a participantes, baixa en 2019 a cifra en 74.217 logo de medrar en máis de 110.000 persoas en 2018, o mesmo que sucede coas xornadas non traballadas. No ano 2020, o impacto da pandemia reflíctese de forma moi intensa respecto do ano anterior. Cae o número de folgas case ata a metade (de 898 a 487), o número de participantes cae en 112.958 persoas e as xornadas non traballadas diminúen en 317.822 xornadas.

Cadro 10.1**Evolución das folgas desenvolvidas segundo principais características. España. 2009-2020**

	Folgas	Participantes	Xornadas non traballadas	Centros de traballo convocados	
				Número	Cadro de persoal ⁽¹⁾
2009	1.001	653.483	1.290.852	105.830	1.502.572
2010	986	340.776	671.498	46.393	1.332.668
2011	777	221.974	485.054	304.341	3.344.081
2012	878	323.871	1.290.114	36.634	1.363.080
2013	992	448.024	1.098.480	45.832	1.633.924
2014	777	217.047	620.568	7.666	618.478
2015	615	170.528	497.483	4.939	588.359
2016	641	183.120	388.912	9.679	563.451
2017	730	225.723	594.253	24.441	1.284.776
2018	726	338.671	907.631	20.869	1.078.049
2019	898	264.454	858.401	16.000	1.108.466
2020	487	151.496	540.579	11.998	746.272

(1) Datos en miles.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Nos cadros 10.2 e 10.3 desagreganse os datos estatais por comunidades autónomas, segundo sector de actividade e ámbito territorial, podéndose observar que o maior número de participantes en moitas autonomías corresponde ao sector servizos, (exceptúase por exemplo: Andalucía, Cataluña e Galicia). No caso de Galicia, o sector da industria supera en moito o número de participantes (fronte ao ano 2019 que eran un terzo menos que no sector servizos), pero en xornadas non traballadas é moi superior a cifra do sector servizos, que case multiplica por seis ás xornadas non traballadas na industria. Apréciase así mesmo unha grande diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais.

Cadro 10.2

Persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas segundo sector de actividade, por repercusión territorial da folga en cada comunidade autónoma. 2020

	Participantes				Xornadas non traballadas			
	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Agrario	Industria	Construción	Servizos
	30.046	59.152	849	62.169	45.080	282.374	1.798	211.487
Total								
Andalucía	5.008	1.119	0	1.185	20.024	8.445	0	2.629
Aragón	0	548	0	1.440	0	2.434	0	7.533
Asturias	0	1.352	537	403	0	2.630	676	1.294
Baleares	0	1	0	384	0	1	0	1.504
Canarias	0	2	0	863	0	4	0	967
Cantabria	0	64	0	747	0	192	0	804
C. A Mancha	0	0	0	223	0	0	0	2.882
C. León	0	229	0	705	0	78	0	2.148
Cataluña	0	28.660	0	18.807	0	205.797	0	94.010
C. Valenciana	24	66	0	3.294	19	116	0	6.762
Extremadura	0	0	80	278	0	0	40	532
Galicia	0	5.248	50	1.632	0	3.675	39	17.310
Madrid	0	13.609	65	7.280	0	35.025	8	25.337
Murcia	25.000	0	0	6.317	25.000	0	0	9.650
Navarra	11	1.071	77	90	11	2.038	446	1.158
País Vasco	3	7.183	40	18.497	26	21.939	589	36.823
A Ríoxa	0	0	0	0	0	0	0	0
Ceuta e Melilla	0	0	0	24	0	0	0	144

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Cadro 10.3

Persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas segundo ámbito territorial, por repercusión territorial da folga en cada comunidade autónoma. 2020

	Participantes			Xornadas non traballadas		
	Provincial ⁽¹⁾	Autonómica	Estat ⁽²⁾	Provincial ⁽¹⁾	Autonómica	Estat ⁽²⁾
	116.473	33.649	1.374	439.679	98.474	2.426
Total						
Andalucía	6.979	0	333	30.261	0	837
Aragón	1.361	620	7	9.352	620	15
Asturias	2.287	0	5	4.591	0	9
Baleares	0	384	1	0	1.504	1
Canarias	218	645	2	322	645	4
Cantabria	644	0	167	828	0	168
Castela-A Mancha	198	0	25	2.843	0	39
Castela e León	759	0	175	1.923	0	303
Cataluña	31.584	14.924	239	222.564	76.809	434
C. Valenciana	2.219	1.153	12	5.721	1.153	23
Extremadura	339	0	19	558	0	14
Galicia	6.911	0	19	20.827	0	17
Madrid	20.633	0	321	59.905	0	465
Murcia	31.315	0	2	34.646	0	4
Navarra	1.242	0	7	3.640	0	13
País Vasco	9.760	15.923	40	41.554	17.743	80
A Ríoxa	0	0	0	0	0	0
Ceuta e Melilla	24	0	0	144	0	0

(1) Inclúense as folgas con repercusión municipal e comarcal.

(2) Refírese á folga que afecta a provincias e comunidades autónomas distintas.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.


Se durante 2019 foron realizadas 74 folgas, 67 provinciais e 7 autonómicas, pode verse nos cadros 10.4 e 10.5 que no ano 2020 redúcese o número a 26 folgas (21 provinciais e 5 autonómicas), desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente decrece tamén o número ata chegar a 21 folgas realizadas das 65 convocadas, todas de empresa.

Cadro 10.4

Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, realizadas e non realizadas. Galicia. 2020

	FOLGAS		
	Convocadas	Realizadas	Non realizadas
A Coruña	45	10	35
Lugo			
Ourense	2	1	1
Pontevedra	18	10	8
Autonómicas	8	5	3
Totais	73	26	47

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

**Cadro 10.5**

Folgas de ámbito provincial e autonómico de empresa e de sector. Galicia. 2020

		Convocadas	Realizadas	Non realizadas
A Coruña	Empresa	45	10	35
	Sector			
	Total	45	10	35
Lugo	Empresa			
	Sector			
	Total			
Ourense	Empresa	2	1	1
	Sector			
	Total	2	1	1
Pontevedra	Empresa	18	10	8
	Sector			
	Total	18	10	8
Autonómico	Empresa	5	3	2
	Sector	3	2	1
	Total	8	5	3

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

Respecto das razóns alegadas para convocar e desenvolver unha folga, a causa de anuncio ou aplicación de medidas de política económica-social é o motivo específico máis frecuente das folgas realizadas en 2020.

Cadro 10.6

Folgas de ámbito provincial e autonómico realizadas, segundo o motivo ou a causa da convocatoria. Galicia. 2020

	5	10	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	70	Total
A Coruña		2																	8			10
Lugo																						
Ourense																			2			2
Pontevedra																			9			9
Autonómico		1																	4			5
Total		3																	23			26

Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo	Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva
(11).- Presión pola negativa a negociar un convenio (12).- Presión pola negativa a revisar un convenio (13).- Presión durante a negociación dun convenio (14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente (30).- Conflitos relacionados con causas sindicais (40).- Conflitos de solidariedade (50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social (60).- Conflitos por outras causas non laborais	(20).- Reversión industrial (21).- Regulación de emprego (excluídos os de reversión industrial) (22).- Organización/sistemas de traballo (23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene (24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias (25).- Incumprimento de acordos ou normas legais (26).- Falta de pagamento de salarios (27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio (28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio (29).- Outras causas laborais

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

Por último, como pode verse no cadro 10.7 con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, ofrécese unha perspectiva bianual da incidencia das folgas nas provincias, con independencia do ámbito territorial de convocatoria, dato que non permite análise dada a disparidade que se aprecia nas cifras en relación coas anteriormente sinaladas. Recóllense ademais dos resultados das folgas cuxo ámbito territorial é a propia provincia, a repercusión que sobre estas tiveron as folgas autonómicas e estatais. Como ven sendo habitual, as provincias da Coruña e Pontevedra, son as que maiores rexistros amosan.

Cadro 10.7

Folgas desenvolvidas, centros e cadro de persoal convocados, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas, segundo criterio de repercusión⁽¹⁾, por provincia. Galicia. 2020-2019

	Folgas		Centros de traballo convocados		Cadro de persoal dos centros convocados		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019
A Coruña	16	57	20	73	8.063	20.451	6.445	16.125	4.165	16.227
Lugo	0	3	0	4	0	179	0	76	0	50
Ourense	2	3	2	3	158	594	16	594	12	1.731
Pontevedra	11	15	15	25	852	3.848	469	2.948	16.667	37.452
Galicia	28	78	37	106	9.073	26.072	6.930	19.743	20.844	55.460

(1) Refírese a que a cada provincia asígnanselle, ademais dos resultados das folgas cuxo ámbito territorial fora esa provincia, a repercusión que nela tivesen as folgas da súa comunidade autónoma e nacionais.

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

10.2. Conciliacións colectivas e individuais

Incorpóranse os cadros 10.8, 10.9 e 10.10, nos que, segundo datos facilitados pola Consellería de Emprego e Igualdade, aparecen reflectidos os conflitos colectivos e individuais nos que participaron en tarefas de conciliación as unidades administrativas da Xunta de Galicia, os coñecidos como SMAC, e o resultado obtido.

Nas conciliacións colectivas, resulta anecdótico o número de avinzas obtidas (tan só dúas), o que contrasta coas cifras do AGA, como se verá máis adiante neste capítulo.

No que a conciliacións individuais se refire, resaltan as cifras de despedimentos, seguidas das reclamacións de cantidade e en último lugar as sancións, sendo clara a alta actividade destas unidades en relación coas cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza.

Nas conciliacións colectivas, na maioría delas non se alcanzou acordo entre as partes.

Cadro 10.8

**Conciliacións colectivas segundo tipo de resolución e asunto.
Ámbito territorial provincial. 2020**

		Número de conciliacións	Empresas afectadas	Nº persoas traballadoras
A Coruña (Unidades conciliadoras: A Coruña, Ferrol, Santiago)	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	18	20	18.081
	Resto ⁽¹⁾	6	6	876
Lugo	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	12	12	3.336
	Resto ⁽¹⁾	3	3	41
Ourense	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	4	4	285
	Resto ⁽¹⁾	1	1	100
Pontevedra (Unidades conciliadoras: Pontevedra e Vigo)	Con avinza	1	1	3
	Sen avinza	25	26	39.166
	Resto ⁽¹⁾	13	13	5.116
Galicia	Con avinza	1	1	3
	Sen avinza	61	64	
	Resto⁽¹⁾	24	24	

(1) Resto: Intentadas sen efecto, tidas por non presentadas, desistidas e outras.

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

Capítulo 10. Conflitividade e medios de solución de conflitos de traballo

Cadro 10.9

Conciliacións individuais por provincias, segundo motivación e tipo de resolución. 2020

		Despedimentos	Reclamacións de cantidade	Sancións	Total
A Coruña	Con avinza	1.766	398	96	2.260
	Sen avinza	1.050	1.068	721	2.839
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	1.100	2.075	544	3.719
	Total	3.916	3.541	1.361	8.818
	Suma de cantidades acordadas	44.225.195	1.032.467	650.204	45.907.866
Lugo	Con avinza	328	55	55	438
	Sen avinza	243	417	308	968
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	129	339	153	621
	Total	700	811	516	2.027
	Suma de cantidades acordadas	3.586.379	248.056	253.210	4.087.645
Ourense	Con avinza	407	50	13	470
	Sen avinza	292	410	116	818
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	231	307	96	634
	Total	930	767	225	1.922
	Suma de cantidades acordadas	5.702.898	253.210	39.079	5.995.187
Pontevedra	Con avinza	1.225	137	56	1.448
	Sen avinza	894	819	374	2.078
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	809	1.094	392	2.295
	Total	2.928	2.050	822	5.800
	Suma de cantidades acordadas	26.106.172	917.782	136.185	27.160.139
Galicia	Con avinza	3.726	640	220	4.586
	Sen avinza	2.479	2.714	1.519	6.712
	Intentadas sen efecto e resto⁽¹⁾	2.269	3.815	1.185	7.269
	Total	8.474	7.169	2.924	18.567
	Suma de cantidades acordadas	79.620.646	2.355.425	1.078.680	83.054.751

Resto: tidas por non presentadas, desistidas e outras.

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

Cadro 10.10

Conciliacións individuais por rama de actividade económica (CNAE 2009) da Comunidade Autónoma de Galicia. 2020

	Total
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	229
INDUSTRIA	1.794
Industrias extractivas	77
Industria manufactureira	732
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	30
Fornecemento de auga, saneamento, xestión de residuos	35
CONSTRUCCIÓN	639
Construción especializada e enxeñaría	287
SERVIZOS	3.281
Comercio por xunto, reparación de vehículos de motor	178
Transporte e almacenamento	469
Hostalaría	968
Información e comunicacións	175
Actividades financeiras e de seguros	168
Actividades inmobiliarias	52
Actividades profesionais, científicas e técnicas	407
Actividades administrativas e servizos auxiliares	149
Administración pública e defensa, seguridade social obrigatoria	16
Educación	114
Actividades sanitarias e de servizos sociais	337
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	9
OUTROS SERVICIOS	145
Actividades dos fogares como empregadores e produtores de bens	71
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	23
TOTAL SECTORES ECONÓMICOS	7.198

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade.

10.3. Xulgados do Social

Se no conxunto do Estado se incrementaron os asuntos resoltos polos xulgados do Social, en 2019 respecto de 2018, en máis de 5.400 asuntos, no 2020 baixan en 56.955 asuntos respecto do ano anterior. Diminúen en conflitos colectivos e en seguridade social, aínda que con máis intensidade nos primeiros, e medran moi lixeiramente nos conflitos individuais.

En Galicia, baixan con menos intensidade os asuntos resoltos (4.891 menos en 2020). A baixada prodúcese en conflitos individuais, seguridade social e conflitos colectivos. Este foi o guión que seguiron todas as provincias.

Cadro 10.11

**Asuntos resoltos, segundo materia obxecto da demanda a nivel estatal.
Por comunidade autónoma e provincia. 2020-2019**

	Total		Conflitos colectivos		Conflitos Individuais		Seguridade social	
	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019
Total	282.153	339.108	2.162	2.031	214.614	252.753	65.377	84.324
Galicia	21.675	26.566	170	148	13.936	16.715	7.569	9.703
A Coruña	8.638	11.258	82	63	5.950	7.275	2.606	3.920
Lugo	3.143	3.237	27	26	2.004	2.290	1.112	919
Ourense	2.811	3.703	9	6	1.474	2.054	1.328	1.643
Pontevedra	7.083	8.368	52	51	4.508	5.096	2.523	3.221

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Diminúen as cantidades acordadas en conflitos individuais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. En 2020 no conxunto do Estado o 56,70% das cantidades acordadas en materia de conflitos individuais (53,49 en 2019), foi establecido mediante conciliación, mentres que o restante 43,30% foi por sentenza. No caso de Galicia, o 44,30% das cantidades acordadas na materia foi establecido mediante conciliación, mentres que o 55,70% foi por sentenza. Por fin, e de novo no ámbito estatal, o 60,73% das cantidades acordadas en materia de reclamacións derivadas do contrato de traballo foi fixado por sentenza, e o 39,27% restante pactado en conciliación.

Cadro 10.12

Conflitos individuais. Cantidades acordadas, segundo materia obxecto da demanda e clase de resolución.
Por comunidade autónoma e provincia. 2020

	Cantidades acordadas en conflitos individuais								
	Miles de euros								
	Total conflitos individuais			Despedimentos			Reclamacións derivadas do contrato de traballo		
	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	1.006.678,3	435.853,1	570.825,2	753.424,7	282.056,3	471.368,4	253.253,6	153.796,8	99.456,8
Galicia	54.605,1	30.413,9	24.191,2	36.877,9	17.650,2	19.227,7	17.727,2	12.763,6	4.963,5
A Coruña	23.428,0	12.975,6	10.452,4	15.853,6	7.455,4	8.398,2	7.574,5	5.520,2	2.054,2
Lugo	8.394,0	4.017,8	4.376,2	6.331,4	2.388,8	3.942,6	2.062,6	1.629,0	433,6
Ourense	6.339,8	4.277,7	2.062,1	3.769,5	2.591,5	1.178,0	2.570,3	1.686,2	884,1
Pontevedra	16.443,3	9.142,8	7.300,5	10.923,4	5.214,5	5.708,9	5.519,8	3.928,2	1.591,6

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No que atinxe aos asuntos resoltos en materia de despedimento, tanto no conxunto do Estado coma en Galicia produciuse un descenso en 2020 respecto de 2019, descenso que no conxunto do Estado foi de 864 asuntos, mentres que en Galicia foi de 370 asuntos. O descenso tivo lugar nas catro provincias galegas. O descenso foi, ademais, xeneralizado segundo a clase de resolución, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, agás por conciliacións en Galicia e por desistencia no Estado. En Galicia rómpese a tendencia de tres anos de medrar as resolucións con sentenza favorable á persoa traballadora.

En Galicia a sentenza foi tamén o mecanismo máis utilizado en 2020, se ben aquí iso ocorreu non só co conxunto dos conflitos individuais, senón tamén para cada unha das categorías en que eses conflitos se desagregan, isto é, os despedimentos e as reclamacións derivadas do contrato de traballo. Así, o 55,70% das cantidades acordadas no total de conflitos individuais en Galicia foi fixado mediante sentenza, fronte ao 44,30% restante, pactado en conciliación. Xusto o contrario ocorreu no caso dos despedimentos (47,86% mediante sentenza, fronte ao 52,14% mediante conciliación) e das restantes reclamacións derivadas do contrato de traballo (o 72% a través de sentenza e o 27% mediante pacto en conciliación). Esa realidade deuse no conxunto de Galicia e tamén nas catro provincias galegas.

No conxunto do Estado, en 2020, son menos as persoas obxecto de despedimento que pactaron este en conciliación, o 45,44%, mecanismo a través do cal acordáronse a maior parte das cantidades establecidas por tal motivo. Non obstante, a contía media das cantidades acordadas en materia de despedimentos foi máis alta no caso das fixadas por sentenza.

En Galicia ocorreu o mesmo, a diferenza do ano anterior. A maior parte das persoas traballadoras viron extinguido o seu contrato, por despedimento, a través de sentenza, o 55,81%, pero as cantidades fixadas por conciliación foron tamén superiores fronte á

sentenza; aínda que a contía media das cantidades fixadas por sentenza foi superior á contía media pactada en conciliación. Tal ocorreu nas catro provincias galegas.

Cadro 10.13

Asuntos resoltos en materia de despedimentos, segundo clase de resolución. Por provincias. Galicia/España. 2020-2019

	Total		Con sentenza favorable á persoa traballadora		Con sentenza favorable en parte á persoa traballadora		Con sentenza desfavorable á persoa traballadora		Por conciliación		Por desistencia		Por outras causas	
	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019
	107.834	108.698	20.814	21.599	4.078	4.445	5.583	6.550	49.005	50.307	21.743	20.701	6.631	5.096
TOTAL														
Galicia	5.220	5.590	1.435	1.548	304	348	433	492	2.332	2.288	622	747	194	167
A Coruña	2.480	2.664	713	804	82	113	211	210	1.075	1.082	305	391	94	64
Lugo	577	710	158	207	54	54	34	45	230	278	63	63	38	63
Ourense	508	540	158	149	44	58	40	40	189	216	51	69	26	8
Pontevedra	1.655	1.676	406	388	124	123	148	197	738	712	203	224	36	32

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Cadro 10.14

Persoas traballadoras despedidas, cantidades acordadas e contías medias, segundo clase de resolución. Por comunidade autónoma e provincia. 2020

	Despedimentos								
	Persoas traballadoras despedidas ⁽¹⁾			Cantidades acordadas miles de euros			Contías medias en euros		
	Total	Sentenza ⁽²⁾	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
	78.618	27.098	51.520	753.424,7	282.056,3	471.368,4	9.583,4	10.408,8	9.149,2
Total									
Galicia	4.044	1.787	2.257	36.877,9	17.650,2	19.227,7	9.119,2	9.877,0	8.519,1
A Coruña	1.898	812	1.086	15.853,6	7.455,4	8.398,2	8.352,8	9.181,5	7.733,1
Lugo	443	213	230	6.331,4	2.388,8	3.942,6	14.292,1	11.215,2	17.141,6
Ourense	401	206	195	3.769,5	2.591,5	1.178,0	9.400,2	12.580,0	6.041,1
Pontevedra	1.302	556	746	10.923,4	5.214,5	5.708,9	8.389,7	9.378,7	7.652,6

(1) Non inclúe as persoas traballadoras afectadas por asuntos "desistidos" e asuntos terminados "por outras causas".

(2) Non inclúe as persoas traballadoras afectadas por sentenza desfavorable.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, Anuario de estadísticas laborales.

10.4. Xestión do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA)

Os expedientes xestionados ao abeiro do AGA dende os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2020 son 1.488, cun total de 1.159.797 persoas traballadoras afectadas (cadro 10.16).

No ano 2020 iniciáronse 81 expedientes que afectaron a 584 empresas e 66.506 persoas traballadoras (case 13.000 máis que o ano anterior). Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2020 foi do 75%, unha porcentaxe idéntica á acadada o ano anterior. O 87,9% destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 21.308 persoas traballadoras e 579 empresas. O 12,1% restante foron arbitraxes que afectaron a 1.410 persoas traballadoras e 4 empresas.

Capítulo 10. Conflitividade e medios de solución de conflitos de traballo

Cadro 10.15

AGA. Total expedientes. 2020

Expedientes iniciados	81
Expedientes desistidos	0
Expedientes en tramitación	4
Expedientes rexeitados	32
Expedientes arquivados por solución previa	1
Expedientes tramitados	44
Conciliacións/Mediacións	40
Arbitraxes	4

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Cadro 10.15 bis

Actuacións do AGA rematadas con acordo. 2020

	Conflitos con resultado positivo	Empresas afectadas	Persoas traballadoras afectadas
Acordos por solución previa	1	1	40
Acordos por conciliación/mediación	29	579	21.308
Laudos arbitrais	4	4	1.410
	34	584	22.758


Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Cadro 10.16

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados (01.06.1992-31.12.2020)

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	170	645	162	53	458	1.488
Traballadores/as afectados	173.362	485.027	74.468	21.800	405.140	1.159.797
Expedientes de conflitos de sector	46	57	14	16	74	207
Traballadores/as afectados conflitos sector	133.000	386.144	31.750	15.802	320.204	886.900
Expedientes de conflitos empresa	124	588	148	37	384	1.281
Traballadores/as afectados conflitos empresa	40.362	98.883	42.718	5.998	84.936	272.897

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.




Cadro 10.16 bis

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. 2020

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	9	46	3	2	21	81
Traballadores/as afectados	2.145	26.202	2.877	930	34.352	66.506
Expedientes de conflitos de sector	0	1	1	0	2	4
Traballadores/as afectados conflitos sector	0	20.354	1.800	0	23.000	45.154
Expedientes de conflitos empresa	9	45	2	2	19	77
Traballadores/as afectados conflitos empresa	2.145	5.848	1.077	930	11.352	21.352

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.



Atendendo aos expedientes iniciados por sector de actividade da empresa ou sector, ao longo de 2020 o 75,3% dos expedientes presentados correspondían a empresas ou subsectores integrados no sector servizos, é dicir, máis de tres de cada catro expedientes corresponden a este sector de actividade. Dos restantes, todos corresponden ao sector industrial.


Cadro 10.17

AGA. Expedientes por sectores económicos e persoas traballadoras afectadas. 2020


	Núm. expedientes	Núm. persoas traballadoras
Agricultura	0	0
Pesca	0	0
Industria	20	12.852
Construción	0	0
Servizos	61	53.654
Total	81	66.506

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Porcentaxe de expedientes de mediación ou arbitraje presentados ao abeiro do AGA por sector de actividade. Galicia 2020



Porcentaxe de persoas traballadoras afectadas por procedementos de arbitraje ou mediación ao abeiro do AGA por sector de actividade. Galicia 2020



A distribución destes expedientes segundo o ámbito xeográfico e diferenciando tamén os que corresponden a conflitos de empresa e de sector, indican que a provincia da Coruña é onde se iniciaron máis expedientes (46), seguida de Pontevedra e o ámbito interprovincial.

O maior número de persoas afectadas polos expedientes presentados pertence á provincia de Pontevedra con 34.352, seguido dos presentados na provincia da Coruña con 26.202.

Seguindo coa tendencia xeneralizada en anos anteriores a maioría dos conflitos presentados son de ámbito de empresa (o 95,1%).

No cadro 10.18 pódese apreciar o resultado obtido polos procedementos presentados ao abeiro do AGA durante este ano, predominando os resultados positivos.

Cadro 10.18

AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial. 2020

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	9	46	3	2	21	81
Expedientes desistidos	0	0	0	0	0	0
Expedientes rexeitados pola contraparte afectada	9	15	0	1	7	32
Conflitos resoltos por acordo previo	0	1	0	0	0	1
Expedientes tramitados	0	28	3	1	12	44
Expedientes con resultado positivo	0	19	3	1	10	33
Expedientes con resultado negativo	0	9	0	0	2	11
Expedientes en tramitación	0	2	0	0	2	4

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.



Para finalizar, indicar que os procedementos de ámbito de sector iniciados neste ano foron, por orde cronolóxica, os sectores de hostalaría da provincia da Coruña, comercio de alimentación de Pontevedra, limpeza de edificios e locais de Lugo e transporte de mercadorías de Pontevedra.